



XUNTA  
DE GALICIA

# POLOS CREATIVOS


SA-8M2-Tecendo redes

## INTRODUCCIÓN


O obxectivo desta actividade é a reutilización de restos de redes pesqueiras mais, como non é sinxelo atopalas, propoñemos a reutilización de calquera tipo de rede ou malla, xa que o proceso é similar.

Neste caso, imos fabricar un tecido que poderás utilizar para decorar. Para iso, empregaremos a rede dunha malla de laranxas e uns 3 m de cordel, aínda que tamén podes utilizar calquera outro tipo de fibra natural. O cordel será o urdido e as tiras de malla de laranxa serán a trama do tecido.


## PASO A PASO DA MONTAXE



- Para esta actividade, necesitas:
  - Madeira contrachapada ou cartón (de 2 ou 3 mm de grosor) para fabricar o tear (tamén podes imprimilo na impresora 3D).
  - Un anaco de rede ou malla cortada en tiras duns 5 cm (trama).
  - Uns 5,5 m de fío de 2 mm de grosor de calquera fibra natural (urdido). Ten en conta as cores que queres combinar.



- Descarga e fabrica o modelo que prefiras, para a cortadora láser (formato .svg) ou para a impresora 3D (formato .stl). Deste deseño sairán un tear, un peite e unha agulla. Podes tecer con esta agulla ou, se o prefires, cunha agulla de redeira que poderás imprimir coa impresora 3D descargando o modelo .stl adicional.





2. Comeza facendo un nó nun dos extremos do tear.

2.1 Envólveo por baixo e saca o fío por diante como na imaxe.

2.2 Insire o fío na primeira rañura inferior (de esquerda a dereita) e sácao por diante do tear.



2.3 Sobe o fío e envolve de novo na seguinte rañura superior. Continúa ata chegar á esquina inferior dereita, onde terás que anoar de novo.

Esta primeira parte do tecido chámase urdido e servirá para enlazar a trama nela. Tenta que non quede moi tensa.





3. Enfía a agulla nunha tira de malla de laranxa.
4. Pasa a trama (tira de rede) alternativamente por riba e por debaixo do urdido.
5. Ao chegar ao final da fila, colle o peite e comprime o tecido para que quede máis axustado.
6. Tece as filas como na imaxe ata chegar á parte superior do tear. Baixa o fío ata o burato inferior dereito e remata con outro nó.
7. Unha vez que remates, deixa solto o exceso de malla e retira a metade dereita do fío do urdido do tear.



8. Tira do fío do urdido ata axustalo ao tecido.
9. Fai o mesmo coa outra metade

10. Remata o tecido.



### INSTRUCCIÓN DA ACTIVIDADE

Es quen de pór a túa inicial no tecido? E de facer dous obxectos? Ofrecémosche diferentes opcións de deseños:

